

Cunqueiro, a voz máis clara
Por Anxo Tarrío Varela

O panorama editorial galego, abondo impulsado dende os tempos da transición política coa incorporación de empresas claramente vocacionadas ao beneficio e coa consolidación, no mesmo sentido, das xa operantes no país, viuse enriquecido nos últimos anos coa aparición de pequenas editoras menos convencionais que, sen renunciar, así mesmo, ás posibilidades de lle tirar lucro ao seu esforzo, fan apostas novidosas que veñen ocupar certas carencias e lagoas que as grandes empresas non poden asumir por razóns económicas.

Entre estas novas e simpáticas experiencias está o selo editorial que responde ao nome de Nigra, actuante en Vigo dende hai dous ou tres anos, se as miñas informacións non me enganan. O último título que acaba de sacar á luz insérese nunha colección de "Conversas" que nos procura a oportunidade de recuperar unha gran cantidade de material disperso, no tempo e no espacio, por diferentes publicacións de dentro e de fóra de Galicia e de moito interese para ir completando os estudos sobre a nosa cultura e sobre os protagonistas que engordíñamente a foron facendo posíbel ao longo deste século. Un material moi difícil de reunir polo investigador (e moito máis polo simple estudante), que agora se nos presenta ordenado e accesíbel para a análise, a reflexión e a crítica.

O novo libro de Nigra titúlase *Entrevistas con A. Cunqueiro* e foi preparado para a súa edición por Ramón Nicolás (Vigo, 1966), un dos novos valores incontestábeis do elenco de estudosos da nosa literatura a quen se lle deben xa traballos de inestimábel valor e obrigada consulta.

A orixinalidade desta nova achega á abundantísima bibliografía cunqueiriana reside no entenzado que Ramón Nicolás vai facendo entre a súa propia palabra orientadora e ordenadora do complicado material manexado e a reprodución, textual (total ou fragmentariamente) das entrevistas máis importantes de que foi obxecto en vida Álvaro Cunqueiro. Nelas, o grande escritor mindoniense vai desvelándonos aspectos variados da súa vida, das súas crenzas, da súa visión do mundo e do país, das súas filias e fobias e da súa aportación á literatura e á cultura, en xeral.

Precisamente, o traballo do recompilador consistiu en artellar por capítulos, para comodidade do lector, as declaracións de Álvaro Cunqueiro sobre eses diferentes aspectos e dimensións da súa personalidade, resultando ao final unha sorte de tapiz biográfico que nos ofrece unha visión, senón nova, pois Cunqueiro foi un escritor que se prodigou abondo en entrevistas e espiuse a miúdo nelas, si outra que, ao tempo que informa o lector non documentado, vén corroborar, confirmar e matizar a hermenéutica levada a cabo por aqueles que estudaron a súa vida e a súa obra.

En definitiva, atopamos aquí a engaiolante voz xa ben coñecida dos admiradores de Cunqueiro, pero coa axuda de Ramón Nicolás resulta unha voz máis clara e iluminadora.

10-xullo-1994